



PLAN DIXITAL

EEI de Lantaño

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- *Nome do centro:* EEI de Lantaño. Código : 36013311
- *Dirección:* Casal s/n, 36658, Lantaño (Portas) (Pontevedra)
- *Correo:* eei.lantano@edu.xunta.gal
- *Páxina web:* <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeilantano>
- *Etapas educativas :* 2º ciclo de E.I
- *Nº de alumnado :* 12
- *Profesorado:* 1 mestra definitiva responsable do centro, 1 mestra de AL, 1 mestra de L.Inglesa, 1 mestra de Relixión.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

A escola sitúase no municipio de Lantaño, no concello de Portas. Está ubicada nunha fraga con árbores autóctonas, ao lado hai un parque que empregamos como patio escolar, un centro cultural , casas, hortas e viñedos. A igrexa do pobo está preto e tamén un mirador do tren. O concello de Portas queda a poucos km. No aspecto socioeconómico, trátase dun grupo de alumnos/as pertencentes a unha contorna rural ,onde as actividades laborais máis frecuentes teñen relación co traballo no campo así como no sector servizos. No contorno hai bodegas e unha fábrica de cárnicas. Destacar ademáis que a presenza dos avós no núcleo familiar e a súa axuda na educación dos nenos/as é primordial, e se terá en conta á hora de propoñer determinadas actividades.

O plan dixital non é unha parte esencial do proxecto educativo da escola. Non hai Unidades didácticas encamiñadas ao traballo das tecnoloxías porque consideramos que non se debe abusar delas na etapa de educación infantil e tendo en conta , ademáis, o excesivo uso, e ás veces indebido, que o alumnado fai fóra da escola.

A contribución do plan dixital no noso centro educativo será no dominio da xestión (boletíns, correo corporativo, abalar,web) e esporádicamente empregarase a tecnoloxía para buscar información en proxectos de investigación e xogos didácticos que poidan servir de motivación.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Partiuse do plan de formación do profesorado e coa coordinación de Alfonso Muñiz Varela, como asesor e o traballo conxuntamente coa EEI de Romai e a EEI de Aios, sendo a coordinadora deste plan Lidia Gómez. Implementáronse tres ferramentas en tres fases diferentes:

- Investigación e recollida de datos empregando o SELFIE e CDD.
- Reflexión aplicando o DAFO.
- Elaboración do Plan de Acción e Plan Dixital, aprobado en Consello Escolar a final de curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro: conectividade a internet en todo o centro mediante asesoramento e mantemento de AMTEGA.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

- 1 ordenador portátil para uso coa PDI, marca Lenovo ThinkPad-Xuga 2012-Expdte: 205/2012-Lote 3, 247052.
 - Videoproxector Xuga 2014 Expte 52/2014-Lote 3, 247413.
 - Pantalla dixital.
 - 1 ordenador portátil para uso do alumnado e profesorado marca Asus mercado polo centro.
 - 1 ordenador portátil para uso administrativo da escola por parte da responsable do centro marca HP, mercado polo centro.
- Ordenadores portátiles fóra de uso por estropearse e non funcionar (hai 5 anos)
 - Portátil IBM ThinkPad, non consta expediente.
 - Portátil marca DELL, non consta expediente.

Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente como a páxina web do centro e Abalarmóbil.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeilantano/>

Xestión do mantemento do equipamento do centro: os equipos enviados pola consellería de educación, encárgase do mantemento a Uac e empresa enviada polo organismo

correspondente. Os ordenadores mercados polo centro, o propio centro encárgase de levarlos á tenda onde os mercou (Mydic en Sanxenxo) para o seu mantemento.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC :Plan de continxencia incluído dentro do plan adaptación Covid, incluído dentro dos documentos Covid na web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeilantano/taxonomy/term/36>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.2 SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2.7
	Alumnado	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3
	Alumnado	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3
	Profesorado	1.7
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2
	Alumnado	

2.2.2 Test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	95	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	50%
B1		
B2		
C1	1	50%
C2		
TOTAL	2	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-Infraestructura, dispositivos dixitais, acceso a internet son axeitados para as necesidades dunha escola pequena.	-
	PERSOAL DOCENTE	-O interese da responsable do centro, e única mestra, por aprender e mellorar a práctica educativa empregando as tecnoloxías se as considera útiles e valiosas. -Comunicación regular e ben organizada coa comunidade educativa. -O convencemento ,por parte da responsable do centro ,de que hai que facer un uso sensato e consciente das tecnoloxías co alumnado de educación infantil para non perxudicar e interferir no seu desenvolvemento cerebral.	Excasa formación no campo dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE	-	-
	ALUMNADO		-A falta de autonomía do alumnado,por idades temperás, non permite un uso

			desenvolto, creativo e crítico das tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS	-	-
	OFERTA	-	-
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	-	-A complexidade da realidade educativa (atención ao alumnado, familias, xestión administrativa da escola) -Ao ser unha unitaria é máis difícil facer unha avaliación do progreso, debate sobre o uso da tecnoloxía,colaboracións.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-Formación do profesorado para a actualización e innovación das prácticas de ensino e aprendizaxe, empregando as tecnoloxías. -Creación de recursos dixitais -Emprego das tecnoloxías para a avaliación dalgúns aspectos do proceso de ensino aprendizaxe.	-Cada vez menos asistencia técnica por parte da Consellería. -Burocracia en constante cambio e excesiva.
	LEXISLACIÓN	-	-A lei de protección de datos,as normas de dereitos de autor e as licenzas de uso, provoca medo e incertidume coa conseguinte desmotivación á hora de empregar os recursos dixitais
	CONTORNA	-Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe -Empregar as tecnoloxías para a realización de proxectos interdisciplinares.	-A sobreexposición do alumnado á tecnoloxía pode influir na estimulación da creatividade e no diálogo. -O acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais , por falta de recursos na familia, pode dificultar o ensino mixto
	ANPA	-	-
	OUTRAS ENTIDADES	-	-

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": Área D: Desarrollo profesional continuo.						
1. OBXECTIVO :	Crear unha canle de comunicación entre compañeiras/os para compartir experiencias e dúbidas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Titora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Experiencias compartidas do espazo virtual					
Valor de partida	0 experiencias compartidas					
Valor previsto e data	5 experiencias compartidas			Final de curso 21/22		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear a canle de comunicación.	Equipo de profesoras/es.	Final do primeiro trimestre.	Equipo informático. Aqueiro ou aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Compartir os traballos ou dúbidas coas compañeiras/os.	Titoras/es.	Todo o curso.	Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comentar as experiencias das compañeiras/os e compartir documentos.	Titoras/es	Todo o curso.	Equipo informático.		Realizada	

"Área/s de mellora": Área D : Desarrollo profesional continuo						
2. OBXECTIVO :	Mellorar a formación do profesorado na administración da páxina web.				Acadado	
RESPONSABLE:	Titora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de contidos e actualización da información da páxina web do centro.					
Valor de partida	Varios contidos actualizados					
Valor previsto e data	Mellorar 3 contidos máis.			Final de curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Buscar información sobre a administración da páxina web.	Titora	Final do segundo trimestre.	Manuais, videotitorías, equipo informático, asesora abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Crear contido na páxina virtual.	Titora	Final de curso.	Manuais, videotitorías, equipo informático, asesora abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Publicar contido na páxina.	Titora	Final de curso.	Manuais, videotitorías, equipo informático, asesora abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Altofalantes para 2 portátiles pois os que hai actualmente son persoais da mestra responsable do centro que os levará pois vaise trasladar. A finalidade desta mellora é que o volumen dos portátiles non permite escoitar os audios cando está o grupo enteiro debido ao ruído ambiental.

Robot Beebot, non hai ningún recurso de robótica na escola e podería ser interesante e motivador para diferentes contidos educativos.


4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Estará recollida a evolución do traballo nunha memoria final.

5. Difusión do plan

O plan será aprobado no consello escolar a finais do curso 22/23. Poderá verse na web do centro e pasará a incorporarse aos documentos do centro.



Ana Garrido Juncal

Lidia Gómez